



## CALENDARIO ELECTORAL

De conformidade co establecido na Resolución do 20 de setembro de 2021 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 29 de setembro), realizarase en breve neste Centro a renovación do **CONSELLO ESCOLAR** que, como é sabido, constitúe o instrumento de participación na vida escolar de tódolos sectores educativos do Colexio.

Na primeira reunión da Xunta Electoral do Centro aprobouse o calendario electoral, que é o que segue:

• *Día 27 de outubro:*

- Publicación das convocatorias de eleccións de profesores, pais e alumnos (de ser o caso).
- Circular explicativa do calendario de eleccións.
- Publicación dos censos dos sectores educativos afectados.
- Envío de escrito ao Concello e á ANPA, solicitándolles a designación dos seus representantes.

• *Día 9 de novembro* (Celebración da 2ª reunión da Xunta Electoral):

- Proclamación e posterior publicación de candidaturas por sectores de representación.
- Aprobación definitiva de censos electorais, unha vez resoltas as posibles reclamacións.
- Aprobación de modelo de papeletas e sobres dos distintos actos electorais.
  
- Sorteio público da designación dos membros das mesas electorais.
- Reunión de Claustro de Profesores
- Envío de convocatoria para a terceira e última reunión da Xunta Electoral.

• *Día 10 de novembro:*

- Comezo das campañas electorais.
- Envío de circular informativa aos pais do alumnado.
- Envío de convocatoria de Claustro extraordinario.
- Envío de citacións para a constitución das mesas electorais.

• *Día 22 de novembro:*

- Envío circular lembrando aos pais a votación para a renovación do Consello.

• *Día 23 de novembro:*

Celebración das votacións de:

- Profesores, de 16'00 a 17'00 horas



- Pais/Nais e Titores legais de alumnos, de 15'00 a 18'00 horas.
- *Día 25 de novembro:* (Celebración da 3ª e última reunión da Xunta Electoral):
  - Proclamación de candidatos electos.
  - Traslado á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria das copias de actas das votacións efectuadas e anexo I.
- *Día 26 de decembro:*
  - Convocatoria para a constitución do Consello Escolar.
- *Día 30 de novembro:*
  - Constitución do Consello Escolar:
    - Designación dos membros da comisión económica.
    - Designación da persoa responsable de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.
    - Constitución da comisión de convivencia escolar.

En Corme, a 26 de outubro de 2021.

O director

Asdo.: Manuel N. Caridad López